

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas e trinta minutos do día 2 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

David Santomil Mosquera, concelleiro delegado de Educación e Cultura.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria municipal do Concello de Ames.

M. Carmen Crespo Doldan, interventora accidental municipal do Concello de Ames.

Rogelio Pardo Martínez, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Rios, auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaria xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato dos "Servizos de Conciliación Laboral e Familiar Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames"

A continuación procédese a apertura do devandito sobre "A" nomeado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
A BILLARDA S.L.	B-27278845	SI	SI	SI	SI	NON
AGORA ABERTA S.L.	B-15942329	SI	SI	SI	SI	SI
HEBE SPORT S.L.	B-15890809	SI	SI	SI	SI	SI
ORBITA INFANTIL S.C.	J-15869233	SI	SI	SI	SI	SI
SERVIPLUS TOTAL S.L.	B-70019294	SI	NON	SI	SI	SI

Tras comprobar a documentación presentada polas empresas licitadoras cabe mencionar que a empresa A Billarda S.L., non achega Certificado sobre traballadores con discapacidade (Anexo V) segundo a cláusula 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e a empresa Serviplus total SL no achega declaración con datos identificativos do licitador segundo a cláusula 17.1.2) do PCAP.

Despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto

no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada o comunicará ós interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula 20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa A Billarda S.L., para que no prazo de **tres días hábiles** aporte Certificado sobre traballadores con discapacidade (Anexo V) segundo a cláusula 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Segundo.- Requirir á empresa Serviplus total SL , para que no prazo de **tres días hábiles** aporte declaración con datos identificativos do licitador segundo a cláusula 17.1.2) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo ás once horas do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

